

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE SETEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 25 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. M^a Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 2b, 2c, 3a, 3b e 4a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.
 2. LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.
 3. LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:01	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-E6BF45-2D2155-E67MAL-1C4XBQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. NAROM, S.L.
 2. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.
 3. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.
 4. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.: no obxecto social que consta na súa declaración responsable non se inclúe o subministro obxecto deste contrato, que segundo o apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP consiste en *“subministro de diferentes materiais de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas necesarios para a realización do traballo do taller de vías e obras do Concello de Vigo”*.

c) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

Este punto non se trata por non disporse do certificado expedido polo Rexistro Xeral sobre os licitadores presentados.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

Este punto non se trata polo motivo indicado no apartado 2c.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:01	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-E6BF45-2D2155-E67MAL-1C4XBQ-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

(79.713-250)

Non se trata porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación persoal a un dos licitadores presentados.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Incremento superficie											> stock segurid
		Rúa Manue I Núñez	Praza Urzáiz	Rúa Príncipe (MARCO-escaleiras)	Rúa Príncipe (MARCO-Porta Sol)	Rúa Eduardo Iglesias	Rúa Velazq. Moreno	Porta do Sol	Praza Constit.	Praza Igrexa	Gran Vía	Praza Pedra	
ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.	133.100,00 €	0	4	3	3	1	0	3	0	0	0	0	54%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

